

**ACTA Nº 02-2012
DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
MUNICIPAL
DIA 26/01/2012**

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes :

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO
(PSOE).-INCORPORASE Á SESION ÁS 20:10 HORAS

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-
INCORPORASE Á SESION ÁS 20:10 HORAS

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Concelleiros ausentes:

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Mª Belén Rodríguez Tourón

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:01 horas** reúnen os/as Concelleiros/as electos/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión ordinaria.

Constatada a presenza de todos os seus membros e polo tanto a existencia de quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDEN DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 03 de xaneiro de 2012.

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 1/2011.

4º.- INCOACCION EXPEDIENTE PARA A CREACION DO CONSELLO ESCOLAR.-

5º.- MOCIONS DE URXENCIA.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 03 de xaneiro de 2012

Acta Nº 1 Sesión ordinaria do día 03 de xaneiro de 2012.

Incorpórase neste intre o concelleiro Jose Luis Castiñeiras sendo as 20:05 horas.

A Presidencia pregúntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Incorpórase neste intre a concelleira Olga Dourado, sendo as 20:08 horas.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes.-

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditas desde o día 01 de decembro de 2011 ata o 31 de decembro de 2011, que comprenden os números 1332/2011 ao 1433/2011.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación:

- Acta Nº 25 Sesión extraordinaria do día 20 de decembro de 2011.
- Acta Nº 26 Sesión extraordinaria do día 29 de decembro de 2011.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 1/2011

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Ante a necesidade de facer o recoñecemento de obrigas de exercicios pechados para proceder o seu pago, xa que no seu momento non foron recoñecidas as correspondentes obrigas, por importe de 46.958,73 €.

Incorporado o preceptivo informe de intervención emitido o 16/01/2012, que conclúe: "Por todo o exposto, procede FISCALIZAR DESFAVORABLEMENTE a aprobación e disposición do gasto así como o recoñecemento de obrigas por importe de 46.958,73 € das obras a maiores executadas pola empresa Constructora de obras públicas e servizos Vidal- Baña, S.L. respecto das obras principais de INSTALACIÓN RED ALCANTARILLADO EN BUHÍA (RIANXO), INSTALACIÓN RED ALCANTARILLADO EN RÁBADO (RIANXO) e REDE DE SUMIDOIROS NO LUGAR DE BURÉS (RIANXO) que no expediente quedan valoradas en 36.818,94 €, 106,98 € e 10.032,81 €, respectivamente (todos os importes co IVE engadido), dando lugar a un reparo suspensivo, fundamentado no artigo 216.2 a) e c) do Real-Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, reparos que de non ser solventados polos motivos que os orixinaron, deberá ser resolto polo Alcalde, segundo o artigo 217.1 do mesmo texto legal, en relación á omisión no expedientes de requisitos ou trámites esenciais e polo Pleno da Corporación do Concello segundo o artigo 217.2 do mesmo texto legal en relación á inexistencia de crédito."

Sendo que o Alcalde do concello a través de Resolución de Alcaldía nº 10/2012 resolveu :

"**Primeiro:** En virtude das competencias atribuídas no artigo 217.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e tendo en conta que as obras están feitas e que non é posible solventar os motivos do reparo en canto a tramitación dos expedientes que corresponderían LEVANTO O REPARO feito pola Intervención deste

Concello ao recoñecemento das obrigas correspondentes a Obras a maiores executadas pola empresa Constructora de obras públicas e servicios Vidal- Baña, S.L. que se distribuirían como se indica de seguido, para evitar o enriquecemento inxusto da administración :

Nº Fact.	Nº Reg.	Proveedor y Concepto	Partida	Importe
1/2012	1	Const.O.Públicas y Serv.Vidal-Baña, S.L. Rede sumidoiros en Burésobra do ano 2008	2012.0.453.1d.60900	10.032,81 €
2/2012	2	Const.O.Públicas y Serv.Vidal-Baña, S.L. Instala. rede alcantarillado Rábado obra do ano 08	2012.0.453.1d.60900	106,98 €
3/2012	3	Const.O.Públicas y Serv.Vidal-Baña, S.L. Instala. rede alcantarillado Buhía obra ano 2008	2012.0.453.1d.60900	36.818,94 €
		TOTAL		46.958,73 €

Segundo: Ordeno a continuación do procedemento encamiñado o recoñecemento de ditas obrigas que pasa por que o Pleno habilite o crédito da partida 453/1d/609.00 para o recoñecemento de obrigas nun importe de 46.958,73 €.

Terceiro: Dar conta deste reparo ao Pleno nos termos establecidos legalmente."

Sendo que corresponde ao Pleno da Corporación o acordo de recoñecemento de crédito extraxudicial, das obrigas do presente expediente, por non existir crédito adecuado aínda que si suficiente no orzamento do exercicio 2012, que é o prorrogado do exercicio 2011, este acordo suporía a habilitación do crédito na aplicación orzamentaria 453/1d/609.00 e o recoñecemento extraxudicial das obrigas que se reflicten a continuación:

1. factura 1/2012 de 16/01/2012 correspondente a obra executada no ano 2008 REDE DE SUMIDOIROS NO LUGAR DE BURÉS (RIANXO).OBRAS A MAIORES, por importe de 10.032,81 €
2. factura 2/2012 de 16/01/2012 correspondente a obra executada no ano 2008 INSTALACIÓN RED ALCANTARILLADO ENRÁBADO (RIANXO).OBRAS A MAIORES, por importe de 106,98 €
3. factura 3/2012 de 16/01/2012 correspondente a obra executada no ano 2008 INSTALACIÓN RED ALCANTARILLADO ENBUHÍA(RIANXO).OBRAS A MAIORES, por importe de 36.818,94 €

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar o recoñecemento extraxudicial 1/2012 de crédito, continuación do recoñecemento extraxudicial 1/2011, por importe total de 46.958,73 euros, correspondente a gastos realizados en exercicios pechados pero dos que a imputación orzamentaria ó correspondente exercicio non se realizou e procede a realizarse no exercicio 2012, conforme o seguinte detalle:

Nº Fact.	Nº Reg.	Proveedor y Concepto	Partida	Importe
1/2012	1	Const.O.Públicas y Serv.Vidal-Baña, S.L. Rede sumidoiros en Burésobra do ano 2008	2012.0.453.1d.60900	10.032,81 €
2/2012	2	Const.O.Públicas y Serv.Vidal-Baña, S.L. Instala. rede alcantarillado Rábado obra do ano 08	2012.0.453.1d.60900	106,98 €
3/2012	3	Const.O.Públicas y Serv.Vidal-Baña, S.L. Instala. rede alcantarillado Buhía obra ano 2008	2012.0.453.1d.60900	36.818,94 €
		TOTAL		46.958,73 €

Segundo: Que tal recoñecemento extraxudicial de crédito sexa con cargo á aplicación orzamentaria e polo importe sinalado, por existir crédito retido con esta finalidade.

Terceiro: Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que correspondan, ordenándose ademais o pago destas.

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 20/01/2012, sendo este favorable.

O Alcalde comenta a proposta, dicindo que se fai mención ao informe de intervención cuxo reparo formulado se levanta porque a obra esta executada, recepcionada e en uso como obra pública, o informe técnico asevera que a obra está realizada, e non pode existir un enriquecemento inxusto polo concello a costa do empresario. Son obras do ano 2008, a tramitación da obra non é a correcta pero o empresario, de non ser así, acudiría á vía xudicial para reparar os gastos que este efectuou. Debeu acordarse polo director da obra a paralización dela pero o certo é que a obra existe e estamos na obriga de aboar os gastos polo importe sinalado.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran, ve grandes incongruencias. En primeiro lugar, en ningún momento se fixo unha modificación do proxecto para xustificar a legalidade destas obras a maiores, é dicir, onde haxa unha obra proxectada. E nesta aparecen gastos a maiores que superan o 10% da cuantía inicial polo que esta obra tería que paralizarse. Isto é o legal e o habitual que se fai, excepto no Concello de Rianxo. Unha vez que se paralizase, terían que facer unha modificación do Proxecto e comezar de novo. Nos aquí encontramos tres responsables de este erro:

- Por un lado o Arquitecto Municipal en ese momento, D. Francisco Otero, que como funcionario de este Concello tiña un soldo.
- Por outra parte, a persoa deste Concello responsable da área de Uranismo que tiña que levar un control exhaustivo dos temas referentes á súa Concellería.
- E por último, a dos membros da Xunta de Goberno que foron cómplices desta irregularidade.

O Partido Popular de Rianxo é coñecedor de que legalmente non se poden esixir responsabilidades económicas ó malgasto financeiro que fan os grupos de Goberno. Malgasto que por outro lado, volve a recaer, unha vez máis, nos bolsillos dos rianxeiros, xa que a peritaxe que se tivo que facer agora por D. Amancio Losada Vicente temos que pagalo todos os veciños deste Concello. E falando de peritaxe.... Poden informarnos de canto nos vai custar aos rianxeiros facer esto?. Legalmente, non podemos esixir responsabilidades, pero sí moralmente.

Consideramos que estas tres partes responsables deberían facerse cargo, canto menos, da peritaxe, que temos que pagar todos os veciños de Rianxo a maiores, porque saben vostedes que contrataron sen seguir o procedemento correspondente.

Por outra banda, estas actuacións ás que agora se lles pretende dar amparo, non foron recoñecidas no seu momento, nin sometidas a fiscalización previa de ningún tipo. Onde se encontraba a persoa responsable de Facenda do noso Concello nesas intres?. Porque se volven a incumprir o que esixen os artigos 216.2.a e o 216.2.c do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, xa que houbo unha omisión dos requisitos ou trámites esenciais como marca a Lei.

Isto non deixa de ser un exemplo máis do despilfarro, malgasto e desidia do Goberno socialista rianxeiro que por culpa de non cumprir os trámites esixidos por Lei como este procedemento nos leva á pésima situación económica, pola que está pasando o noso Concello.

Para o Partido Popular de Rianxo, o que traballa evidentemente ten que cobrar, per nós non vamos a ser cómplices de unha mala xestión e desta situación, polo tanto o noso grupo municipal vaise abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que esta proposta a van a apoiar. Esta de acordo en que non se seguiu o procedemento correcto, é si tería que facerse mediante un modificado, por ilo o concello non aceptou aquelas melloras ata que se certificaron polo director de obra que estaban feitas e por elo o goberno non permitiu a aprobación destes gastos e requirimos un estudo por técnico competente, conforme as obras executadas e que precisou facer catas para saber a profundidade das obras e trámites realizados. Certificaron que as cantidades correspondesen co gasto efectuado e o uso que se esta facendo, se non se paga agora a vía xudicial traería máis custes dos gastos, das costas e dos intereses.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que o BNG pronunciase a favor xa que logo se ben rexeita o procedemento irregular seguido, o certo é que as obras están executadas e por unha responsabilidade institucional vana a apoiar; os gastos e as obras están feitos e se fai uso delas pero o grupo do BNG quere deixar claro que rexeita calquera procedemento de licitación que non se axuste a dereito.

A voceira do grupo municipal do Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran, pregunta o custo do peritaxe de D. Amancio Losada Vicente, o Sr. Alcalde dille que llo da para o próximo Pleno xa que non forma parte do expediente, e agora non o ten para facilitarllo.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 10 concelleiros (os 6 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG), 6 abstencións (os 6 do P.P.) e cero votos en contra, do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

4.- INCOACCION EXPEDIENTE PARA A CREACION DO CONSELLO ESCOLAR

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<< Os Consellos Escolares están concibidos como pezas básicas e fundamentais para acadar a participación da comunidade escolar en diversos aspectos de desenvolvemento e planificación educativa das vilas ademais da propia de programación do ensino non universitario.

Atendendo ao estipulado para este órgano consultivo na Lei 3/1986, do 18 de decembro , de Consellos Escolares de Galicia, así como no Decreto 44/1988, do 11 de febreiro polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os Consellos Escolares Territoriais e municipais, e concretamente ao abeiro do artigo 1 deste último así como da regulación especificada no capítulo III, estimase de interese por en marcha a tramitación pertinente para a creación e funcionamento do Consello Escolar Municipal de Rianxo e dar así continuidade ao acordado en sesión plenaria do 29 de Novembro de 1999.

En consecuencia, e como primeiro paso, determinarase a composición do consello de conformidade co artigo 16.1 da Lei 3/86 da Comunidade Autónoma de Galicia, Reguladora dos Consellos Escolares de Galicia, e o artigo 30 do Decreto 44/88 de 11 de febreiro cara a posterior elaboración e aprobación do regulamento de réxime interno polo Consello Escolar unha vez constituído.

Polo tanto a composición do Consello Escolar Municipal de Rianxo será a que segue:

a) O Alcalde ou membro da Corporación en quen delegue, que será o Presidente.

b) Os demais membros do Consello estarán distribuídos do seguinte xeito:

- Sete profesores do ensino público.
- Tres representantes do alumnado de todos os niveis educativos non universitarios do municipio.
- Catro pais/nais de alumnos/as.
- Sete representantes da corporación segundo o establecido no artigo 16.1 da Lei 3/86, isto é directores/as, representantes dos sindicatos, asociacións de empresarios, movementos de renovación pedagóxica, especialistas en temas educativos e asociacións de veciños, a teor do disposto pola Corporación Municipal.

c) Un representante da Administración educativa representada polo funcionario/a que designe para o efecto.

Ao abeiro do disposto establecemos a seguinte proposta:

1. Ratificar o acordo plenario 29 de Novembro de 1999 para a creación do consello escolar municipal.
2. Facultar á alcaldía e á concelleira de educación para a realización dos trámites oportunos para a constitución efectiva do consello escolar municipal no que especialmente atinxe ao proceso de elección dos representantes do profesorado, pais e alumnado e presentación de proposta de representantes da corporación.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA, TURISMO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA do día 23/01/2012, sendo este favorable.

O Alcalde comenta a proposta, o primeiro acordo, a elección que se fara dos membros do Consello e a idea de que forme parte un responsable da Administración Educativa, e sinala que incluírase a Escola Infantil.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal do Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran, di que neste punto da orde do día, considera que, como en ningún momento se nos vai a pedir opinión, nin vamos a poder tomar decisións, nin formar parte deste Consello Escolar, vanse abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que a apoian porque é un órgano esencial para a vida educativa do Concello e a posibilidade de participación de toda a comunidade educativa así como factores sociais diversos así que sera beneficioso para todo o relacionado coa educación.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que xa na oposición impulsouse a creación do consello e a proposta do BNG aprobouse en Pleno pero non se materializou, o que se pretende agora. Servirá para apoiar e oír o sector educativo como instrumento esencial para detectar fallos, carencias e para propoñer melloras deste. A súa función é ser órgano de consulta, hai competencias educativas que lle atribúe a norma que de entrada supón unha maior participación na xestión.

As súas competencias terán que ver co acceso aos centros, número de prazas, conservación, mantemento, vixilancia, o fomento das actividades para a mellora da calidade da normativa e calquera outro asunto na materia. Atenderá tamén o estado ou situación do ensino no municipio. Para o BNG é unha gran satisfacción poñelo en marcha e ser participativo. Remata dicindo que ábrelle a porta ao PP para participar e colaborar polo ensino de Rianxo.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran, di que por alusión si o PP vai ter participación.

O Sr. Alcalde di que a pluralidade política no Consello Escolar non esta previsto na Lei elaborada na época de D. Manuel Fraga, non é que non teña vontade de rexeitala participación pero non se prevé esa participación política, non se recolle nos membros do Consello Escolar. E lémbrale a participación do PP entre os membros dos Consellos Escolares dos centros. Aínda así di que tratara de buscar onde poder participar.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 10 concelleiros (os 6 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG), 6 abstencións (os 6 do P.P.) e cero votos en contra, do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

5.- MOCIONS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4^o do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar o turno de rogos e preguntas, a **Presidencia pregunta se hai mocións.**

Non consta ningunha moción presentada por rexistro de entrada nin se formula no intre.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde ofrece o turno á voceira do grupo do PP.

NOVOS ROGOS E PREGUNTAS

M^a Vanesa Martínez Duran, concelleira do PP, formula os seguintes:

Rogos

R.1- En Buhía, no lugar de Fontán, a altura de Rabado, hai un vertido de Saneamento ao río. Procedan ó seu arranxo.

R.2.- *Na Praza da Fonte, aquí en Rianxo, nos cristais que hai no chan, fóselle o anti-esvarante e por dentro hai moitas herbas, porquería, etc. Procedan ó seu arranxo e adecentamento.*

R.3.- *Xunto o aparcadeiro da Igrexa en Leiro, hai dúas rexillas xusto na entrada a dito aparcadeiro. Unha de elas, fai un mes que desapareceu. Procedan a súa colocación e ó seu arranxo.*

R.4.- *Tras visitar estas semanas as aldeas de arriba das Parroquias de Araño, Cerqueiras, Vilar e Campelo, decatámonos que en Cerqueiras hai unha necesidade urxente de un asfaltado total da vía e dos accesos a estas aldeas, tanto dende o Araño*

como dende Taragoña son paupérrimos. Non soamente hai socabóns senón tamén que hai zonas sen aglomerado algún.

Tras informarnos uns veciños de que hai máis de vinte anos que non asfaltaron o lugar e que non tivo a mínima conservación e sabedores de que vostedes recibiron as semanas pasadas unha carta dende a Consellería de Medio Rural, onde se lle asignan 63.600,00€ do PEIM (Proxectos estratéxicos de Infraestructuras no Medio Rural), rogamos que lle den prioridade e emenden as deficiencias con esta cantidade.

Preguntas

P.1.- Voltamos a recordarlle si ten pensado proceder ao arranxo do socabón que hai no lugar da Veiga en Leiro?, agora mesmo xa está case todo o paso peonil desfeito.

P.2.- Xa falou e si esto e así, con quen, na Deputación da Coruña polo tema do alumeado da ponte de Catoira?.

P.3.- Teñen pensado repoñer o que sacaron de mobiliario no Parque Infantil da Capela, en Araño?.

P.4.- Teñen pensado arranxar o portal que vai a zona dos rapaces na escola da Capela, en Araño?. É un portal que está totalmente desfeito.

P.5.- Xa adecentaron o Parque Infantil que está no lugar do Pazo, detrás do Bar Pancho?.

P.6.- En Isorna, na pista que vai ata a casa da República, hai dous farois que non alumean dende a lo menos dous meses. Teñen pensado o seu arranxo?.

P.7.- Pode explicarnos por qué, si o alumeado navideño se colocou tarde, por mor do aforro enerxético, aínda se apagou este venres pasado no Araño e en Bures?.

Non se formulan mais rogos e preguntas polo resto dos concelleiros.

Comeza a Alcaldía a respostar as formuladas hoxe:

R.1 e R.3.- O Alcalde dará orde de que se comunique canto antes ao departamento de obras poda facer os arranxos e non deixar mais tempo.

Avanza que en canto aos excrementos de cans, se sacará un bando cunha parte sancionadora que se intentará cumprir, tamén quere dicir que no concello tense avanzado moito no rexistro dos cans.

R.2.- Tratar de facer un amaño novo polo anti-esvarante é difícil a limpeza da zona, e o custo é elevado.

R.4.- En relación co PEIM o Alcalde di que tampouco da para tanto e preguntalle se a proposta do Partido Popular é o de amañar o acceso á Aldea de Cerqueiras.

P.2. O da pregunta da Deputación da Coruña se fixo de xeito informal cos responsables pero reiterase en que non é de competencia do concello.

P.3.e P.5.- *Para acotar as zonas de columpios e non se estrana que se leven mobilidario dos que esten nas mellores condicións, e difícil mantelos centros e débese priorizar os dos colexios.*

O resto das preguntas, di o Alcalde que as respostara unha vez se documente.

M^a Vanesa Martínez Duran, concelleira do PP, insiste en que ocorre co tema das pedras en vía xudicial. O Sr. Alcalde di que un día entra un escrito e o seguinte o da outra parte.

M^a Vanesa Martínez Duran, di que dende maio do 2001 quere saber cal é o problema ou a situación.

Jose Carlos Gey Hermo, di que estivo ali e que é un problema de partes e ten coñecemento o departamento de Policía e de urbanismo, e se verá se se pode dar licenza ou que procedemento corresponde.

O Alcalde di que non pretende ser sabedor de todo.

P.7. O Alcalde retoma as respostas as preguntas en relación co alumado navideño. Di que vaixe procurar reducir o custo de alumado e concretar os precisos puntos de luz e ser redistribuído. Tamén di que este fin de semana estivo en Madrid e aínda estaba alí o alumado navideño.

M^a Vanesa Martínez Duran, dille que importalle o que paga este concello.

O Alcalde dille que reclame o da factura de Portos.

M^a Vanesa Martínez Duran, di que non lle da a este concello o de Portos para pagar a todos as débedas que ten, que ben que o Alcalde cobra a final de mes pero di que non é sabedor de todo.

O Alcalde dille que no lle parece correcto alusións persoais que el non fixo.

Jose Carlos Gey Hermo, di que como encargado da instalación de alumados navideños asume os fallos que houbera, pensouse que non se puxera para aforrar custo ata o 15/12/2011, e o que pasou e que se colocaron arcos de xeito errado, foron o concelleiro de obras e el para dicirlle ao contratista onde había que colocalos, e logo na retirada tiveron despistes os da empresa para recollelos nos lugares en que estaban. Con todo considera que a redistribución é correcta.

M^a Vanesa Martínez Duran di que con esa explicación lle vale.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:58 HORAS, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 20:59 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde.

A Secretaria.

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo